



MINISTERIO  
DE IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE IGUALDAD  
Y CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO  
CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

## Resumo executivo dea Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2019

NIPO: 048-22-036-2

Catálogo de Publicaciones de la Administración General del Estado: <https://cpage.mpr.gob.es>

## **RESUMO EXECUTIVO DE A MACROENQUIZA DE VIOLENCIA CONTRA A MULLER 2019**

A Macroenquisa de Violencia contra a Muller é a **operación estatística máis relevante** que se realiza en España sobre este tipo de violencia. Ademais, é a única estatística oficial para medir a prevalencia da violencia contra a muller. Realízase aproximadamente cada 4 anos desde 1999 e está incluída no Plan Estatístico Nacional. A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero foi a encargada da súa elaboración nas edicións de 2011, 2015 e 2019. A Macroenquisa 2019 é a sexta que se realiza en España. **O seu principal obxectivo é coñecer a porcentaxe de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España que sufriron ou que sofren na actualidade algún tipo de violencia polo feito de ser mulleres.**

No ano 2015, o cuestionario da Macroenquisa modificouse de forma relevante en relación coas edicións anteriores (1999, 2002, 2006, 2011). Con este cambio, que principalmente tomou como referencia as Directrices para a Produción de Estatísticas de Violencia contra a Muller elaboradas pola División de Estatística das Nacións Unidas, buscouse medir con máis rigor a realidade da violencia contra a muller en España. **Coa Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2019 continuouse este proceso de mellora da calidade da enquisa.** Tomouse como punto de partida o cuestionario de 2015, que foi ampliado para poder capturar máis dimensións da violencia, **cumprindo así o novo cuestionario con todos os requirimentos estatísticos** do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (**Convenio de Istambul**) e **dando resposta a varias medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.**

A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero elaborou a metodoloxía, deseñou o cuestionario e analizou os resultados. Pola súa banda, o Centro de Investigacións Sociolóxicas, como responsable da rede de campo, realizou o traballo de recollida (deseño da mostra, entrevistas, codificación, depuración). A Macroenquisa está dirixida ás mulleres residentes en España de 16 ou máis anos de idade. **As enquisas realizáronse a unha mostra representativa de 9568 mulleres.**

Como **principais novidades** con respecto á edición de 2015 cabe destacar: 1) introdución dun módulo de preguntas para medir o acoso sexual e outro módulo para medir o acoso reiterado ou **stalking**, 2) ampliación do módulo de violencia sexual fóra da parella para preguntar por todas as formas posibles de violencia sexual, coñecer as denuncias, a petición de axuda formal e informal, ao grao de satisfacción coa axuda recibida, etc. (preguntas que ata agora só se facían nos casos de violencia na parella), e saber detalles sobre os episodios de violencia sexual, como as agresións en grupo ou o lugar da agresión, 3) ampliación dos puntos para medir a violencia sexual, psicolóxica e económica na parella, 4) novas preguntas para saber se a incapacidade, daquelas mulleres que a teñen, é consecuencia dos episodios de violencia, 5) novas preguntas sobre lesións, ingresos hospitalarios, baixas laborais e diversas consecuencias físicas ou psicolóxicas da violencia.

**Con este traballo preténdese proporcionar unha visión detallada e actual da extensión e as formas da violencia contra a muller, así como de diversos aspectos relacionados coa mesma.**

A continuación, ofrécese un breve resumo dos **PRINCIPAIS RESULTADOS**. O estudo cos resultados detallados pode descargarse da páxina web da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero.

### **A. VIOLENCIA TOTAL: VIOLENCIA DA PARELLA, VIOLENCIA FÍSICA OU SEXUAL DE PERSOAS COAS QUE NON SE MANTIVO UNHA RELACIÓN DE PARELLA, ACOSO SEXUAL E STALKING**

En primeiro lugar, móstrase a cifra global de violencia que se desprende dos resultados da enquisa. Hai que ter en conta que se inclúen todas as violencias medidas na enquisa, dende unha mirada lasciva non desexada até unha violación.

Violencias cotiás que experimentan as mulleres, máis ou menos severas, pero sendo todas elas violencia. Os datos desta macroenquisa servirán para darlles visibilidade e para desenvolver políticas públicas encamiñadas á súa erradicación.

**Unha de cada dúas mulleres** (57,3 %) residentes en España de 16 ou máis anos sufriron violencia ao longo das súas vidas polo feito de ser mulleres. Supoñen 11 688 411 **mulleres**.

- **Unha de cada cinco** (19,8%) sufriron violencia nos **últimos 12 meses**. Supoñen **4 048 273 mulleres** de 16 ou máis anos.

As mulleres xoves experimentana en maior medida: o 71,2 % das mulleres de 16 a 24 anos e o 68,3 % das mulleres de 25 a 34 anos sufriron algún tipo de violencia ao longo das súas vidas fronte ao 42,1 % das que teñen 65 ou máis anos.

## **B. VIOLENCIA FÍSICA OU SEXUAL DA PARELLA ACTUAL, DE PARELLAS PASADAS OU DE PERSOAS COAS QUE NON SE MANTIVO UNHA RELACIÓN DE PARELLA.**

Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o **13,7 %** (2 802 914 mulleres) sufriron **violencia sexual ao longo da súa vida de mans de calquera persoa** (parella actual, parellas pasadas ou persoas coas que non se mantivo unha relación de parella), e o 1,8 % (359 095 mulleres) sufriron violencia nos últimos 12 meses.

Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o **21,5 %** (4 387 480 mulleres) sufriron **violencia física ao longo da vida por parte de calquera persoa** (parella actual, parellas anteriores ou persoas coas que non mantiveron unha relación de parella), e o 1,7 % (351 770 mulleres) sufriron violencia nos últimos 12 meses.

## **C. VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA**

### 1- Prevalencias

**Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o 6,5 % (1 322 052 mulleres) sufriron violencia sexual nalgún momento das súas vidas de mans dalgunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación de parella**, e o 0,5 % (103 487) sufrírona nos últimos 12 meses.

- **Un 3,4 % (703 925 mulleres)** do total de mulleres de 16 ou máis anos sufriron violencia sexual na súa infancia (antes de cumprir os 15 anos de idade).

**Un 2,2 % (453 371 mulleres) do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España foron vítimas dunha violación algunha vez na súa vida.**

O 74,6 % das mulleres que sufriron unha violación, viviron tamén outras situacións de violencia sexual.

O 13,7 % das mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual afirmaron ser vítimas **dunha violación cando estaban baixo os efectos do alcol ou as drogas**. Supoñen o 0,9 % das mulleres de 16 ou máis anos (181 258 mulleres).

### 2- Agresores

O **99,6 %** das mulleres que sufriron violencia sexual experimentárona das mans dun **agresor home**.

O **21,6 %** das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella refire que o **agresor** foi un **familiar** home, o **49,0 %** un **amigo ou coñecido** home e o 39,1 % di que o agresor foi un home descoñecido. Á hora de interpretar estes

resultados, hai que ter en conta que engloban o conxunto de agresións sexuais, dende unha violación até un tocamento. Na macroenquisa do ano 2015 viuse que o tipo de agresor era moi distinto nas violacións<sup>1</sup> que noutras formas de violencia sexual.

### 3- Frecuencia da violencia sexual

O 50,4 % das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella afirman que esta violencia tivo lugar unha única vez, fronte ao **49,6 %** que din que **sucedeu en máis dunha ocasión**. Das que responderon que as agresións tiveron lugar máis dunha vez, o 41 % din que a violencia sexual tiña lugar polo menos unha vez ao mes.

### 4- Agresións colectivas e lugar da agresión

O **12,4 %** das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella informou de que nalgunha das agresións sexuais **participou máis dunha persoa**.

O 44,2 % das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella informou de que a agresión sucedeu nunha **casa** (18,5 % na súa propia casa, 20,1 % na casa da persoa agresora, 9,7 % na casa doutra persoa), o 17,8 % en bares ou discotecas, e o 32 % comunicou que sucedeu en zonas abertas como rúas ou parques.

- **No caso das mulleres vítimas dunha violación, a porcentaxe que menciona unha casa como lugar dalgunha das agresións sexuais é significativamente superior (59,1 %).**

### 5- Denuncia

O **8 %** das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella denunciou algunha destas agresións na Policía, a Garda Civil ou o Xulgado. Esta porcentaxe elévase ao 11,1 % se se teñen en conta tamén as denuncias interpostas por outra persoa ou institución.

Ás mulleres que non denunciaron elas mesmas, nin na Policía nin no xulgado a violencia sexual sufrida, preguntábaselles cales eran os **motivos para non denunciar**. O **motivo máis citado foi o relativo a “era menor, era unha nena”, mencionado polo 35,4 % das mulleres**. Séguenlle outros motivos, como non conceder importancia ao sucedido (30,5 %), a vergoña (25,9 %), que a agresión sucedese “noutros tempos nos que non se falaba destas cousas” (22,1 %) e o temor a que non cresen o que contaban (20,8 %).

- **No caso das mulleres que sufriron unha violación, os motivos máis citados son a vergoña (40,3 %) e o feito de ser menor de idade cando tivo lugar a violencia sexual (40,2 %).** A 36,5 % cita o temor a que non a cresen e o 23,5 % o medo ao agresor.

### 6- Procura de axuda formal e informal como consecuencia da violencia sexual

O 10,2 % das mulleres que sufriron violencia sexual buscaron axuda psicolóxica para afrontar o sucedido (21,8 % no caso das mulleres que sufriron unha violación) e o 6,5 % buscaron axuda médica (14,4 % no caso das mulleres que sufriron unha violación). O resto dos servizos foron moi pouco citados. **O 84,1 % das vítimas de violencia sexual e o 67,2 % das mulleres que sufriron unha violación non buscaron axuda formal despois do sucedido.**

- O 39,9 % das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella contoulle o sucedido a unha amiga, o 28,3 % á súa nai, o 15,5 % a un amigo, o 15,2 % ao seu pai e o 14,0 % á súa irmá. **O 26,6 % afirma que non llo contou a ninguén.**

<sup>1</sup> Macroenquisa de 2015: mentres que no caso dos tocamentos e formas de agresión sexual similares a porcentaxe de descoñecidos é algo superior ao 50 %, **no caso das violacións soamente o 18,8 % foron cometidas por descoñecidos**. Debido ás restricións na lonxitude do cuestionario deseñado para a macroenquisa de 2019, non se puido preguntar de forma específica polo agresor no caso das violacións, polo que non se dispón desta información actualizada, non obstante, son datos que se supón non varían de forma significativa nun período temporal de catro anos. Na macroenquisa de 2019, o 74,6 % das mulleres que sufriron unha violación, viviron tamén outras situacións de violencia sexual polo que, atendendo aos resultados de 2015, cabe pensar que, en moitos casos, citan a un agresor descoñecido no caso dos tocamentos e a un coñecido no caso dunha violación.

As mulleres que contaron a alguén da contorna a violencia sexual sufrida, preguntábaselles pola reacción da persoa a cal llo contaron. En tódolos casos, o apoio á muller agredida é maioritario, oscilando entre o 70 % e o 93,4 %. Por outra banda, ás mulleres que contestaron que a persoa do seu arredor á que contaron os episodios de violencia sexual fora da parella reaccionou apoiándoas, preguntábaselles se esta persoa aconselloulles denunciar. En ningún caso chega ao 50 % a porcentaxe das persoas que aconsellaron denunciar (37,9 % no caso das nais, 42,9 % dos pais, 30,5 % das parellas, 20,1 % das amigas, por citar algúns exemplos).

#### 7- Consecuencias da violencia sexual fóra da parella

O 16,2 % das mulleres que sufriron violencia sexual nalgún momento da súa vida de mans dalgunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación de parella, sufriu **lesiões físicas como consecuencia** desta violencia nalgún momento da súa vida, porcentaxe que ascende ao **37,8 % entre as mulleres que sufriron unha violación**.

- O 25,0 % das mulleres que sufriron unha violación sufriu cortes, rabuñaduras, negróns ou dores e o 18,7 % sufriron lesiões nos xenitais. Estas porcentaxes contrastan coa crenza popular de que unha violación ten que deixar secuelas físicas visibles.

O 53 % das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella din que lles provocou **consecuencias psicolóxicas**, porcentaxe que ascende ao **78,9 %** entre as vítimas dunha violación.

O 12,7 % das mulleres que sufriron violencia sexual consumiron algunha sustancia (**medicamentos, alcol ou drogas**) para afrontar o sucedido. Esta porcentaxe ascende até o **26,6 % entre as vítimas dunha violación**.

Entre as mulleres que teñen unha incapacidade e sufriron violencia sexual fóra da parella algunha vez na súa vida, o 14,3 % di que a **incapacidade** é consecuencia destes episodios de violencia sexual.

**A violencia sexual ten consecuencias na saúde das mulleres afectadas que perduran no tempo** e isto fai que asistan con maior frecuencia a diversos servizos de atención sanitaria, aínda que os episodios de violencia sexual tivesen lugar no pasado. Así, por exemplo, o 43,7 % das mulleres vítimas de violencia sexual e o 58,8 % das que foron vítimas dunha violación afirmaron ter utilizado algún servizo de urxencias por algún problema ou enfermidade nos 12 meses previos ás enquisas, fronte ao 28,3 % das que nunca sufriron violencia sexual. Do mesmo xeito, o 22,3 % das mulleres vítimas de violencia sexual e o 31,9 % das que foron vítimas dunha violación visitaron a un/unha psicólogo/a, psicoterapeuta ou psiquiatra nos 12 meses previos ás enquisas, fronte ao 9,7 % das que nunca sufriron violencia sexual. O 41,6 % das mulleres vítimas de violencia sexual e o 49,4 % das que foron vítimas dunha violación comentan que se viron obriga das, nos 12 meses previos ás enquisas, a quedar algún día na cama por motivos de saúde, fronte ao 26,8 % das que nunca sufriron violencia sexual fóra da parella.

Mentres que o 6,5 %<sup>2</sup> das mulleres 16 ou máis anos que nunca sufriron violencia sexual tiveron **pensamentos de suicidio** algunha vez na súa vida, a porcentaxe ascende ao 27,7 % entre as mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual fóra da parella, e alcanza ao **38,2 % das mulleres que foron vítimas dunha violación** nalgún momento das súas vidas. É dicir, as mulleres que sufriron unha violación teñen case **6 veces máis risco de ter pensamentos de suicidio que as mulleres que nunca sufriron violencia sexual**.

#### D. VIOLENCIA FÍSICA FÓRA DA PARELLA

- Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o 13,4 % (2 737 358 mulleres) sufriron violencia física nalgún momento das súas vidas de mans dalgunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación

<sup>2</sup> Esta porcentaxe é de só o 2,9 % entre as mulleres que nunca sufriron ningún tipo de violencia de violencia polas que se pregunta na enquisa, porcentaxe que pon de manifesto con maior claridade o impacto da violencia na saúde das mulleres.

de parella, e o 0,9 % (177 530 mulleres) sufrírona nos últimos 12 meses. Un 8,7 % (1 778 550 mulleres) sufriron violencia física antes de cumprir os 15 anos de idade.

Os agresores máis citados foron o pai (23,4 % das mulleres que sufriron violencia física fóra da parella din que sufriron agresións por parte do pai) e homes descoñecidos (17,5 %), seguidos da nai (16,0 %). O seguinte vínculo máis citado é o das compañeiras de clase (14,8 %) e os compañeiros de clase (11,6 %).

Do total de mulleres de 16 ou máis anos que sufriron violencia física nalgún momento da súa vida de mans dalgunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación de parella, o 41,2 % sufriu lesións como consecuencia desta violencia nalgún momento da súa vida.

## **E. ACOSO SEXUAL**

A enquisa preguntaba por unha serie de comportamentos non desexados e cunha connotación sexual coma, por exemplo, miradas insistentes ou lascivas, contacto físico non desexado, exhibicionismo, envío de imaxes ou fotos sexualmente explícitas que lle fixeran sentir ofendida, humillada, ou intimidada.

Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o **40,4 % (8 240 537 mulleres) sufriron acoso sexual nalgún momento das súas vidas**, e o 10,2 % (2 071 764) sufriron este tipo de acoso nos últimos 12 meses.

- Un 18,5 % (3 778 356) do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España sufriron acoso sexual na infancia (antes de cumprir os 15 anos de idade).

O 74,9 % das mulleres que sufriron acoso sexual (30,3 % das mulleres de 16 ou máis anos) refiren ter sufrido miradas insistentes ou lascivas que lles fixeron sentirse intimidadas, e o 40,4 % (supoñen o 17,5 % das que teñen 16 ou máis anos) sufriron algún tipo de contacto físico non desexado como, por exemplo, proximidade innecesariamente próxima, tocamentos de partes do seu corpo ou bicos, por pór algúns exemplos.

O 98,2 % das mulleres que sufriron acoso sexual experimentárono por parte dun **agresor** home. O 73,9 % das mulleres que sufriron acoso sexual e responderon á pregunta sobre o sexo do agresor, refiren que o agresor foi un home descoñecido, o 34,6 % din que foi un amigo ou coñecido home e o 17,3 % di que o agresor foi un home da contorna laboral.

O **75,2 %** das mulleres que sufriron acoso sexual afirma que os sufriron **máis dunha** vez, fronte ao 24,1 % que di que só sucedeu nunha ocasión.

O 2,5 % das mulleres que sufriron acoso sexual denunciárono na Policía, Garda Civil ou no xulgado e o 1,2 % acudiron a un servizo médico ou de atención psicolóxica. O máis habitual é contarlle o acoso sexual a alguén da contorna: o 40,3 % das mulleres que sufriron acoso sexual falárono cun amigo ou amiga, o 19,5 % cun familiar e o 14,8 % coa súa parella ou exparella. O 39,6 % afirma que non llo contou a ninguén.

## **F. STALKING OU ACOSO REITERADO**

A enquisa preguntaba por comportamentos realizados por unha mesma persoa de forma repetida de lle causase medo, ansiedade ou angustia á muller enquisada: chamadas telefónicas obscenas, ameazantes, molestas ou silenciosas, casos nos que a seguiron ou espiaron, nos que danaron intencionadamente cousas súas ou lle fixeron propostas inapropiadas en internet ou en redes sociais, por citar algúns exemplos.

Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o **15,2 % (3 095 357)** sufriu stalking nalgún momento das súas vidas, e o 3,0% (613 917) sufriu este tipo de acoso nos últimos 12 meses.

- Un 3,7 % (759 577) sufriu stalking na súa infancia (antes de cumprir os 15 anos de idade).

O 47,2 % das mulleres que sufriron stalking (7,2 % das mulleres de 16 ou máis anos) comentaron ter sufrido chamadas telefónicas obscenas, ameazantes, molestas ou silenciosas, e ao 40,6 % (6,2 % das de 16 ou máis anos) seguíronas ou espiáronas, por pór algúns exemplos.

O 87,9 % das mulleres que sufriron stalking experimentárono por parte dun **agresor** home. O 39,9 % das mulleres que sufriron stalking e responderon á pregunta sobre o sexo do agresor, contestaron que o agresor foi un amigo ou coñecido home, o 33,6 % que foi un home descoñecido e o 21,3 % dixeron que o agresor foi a súa parella actual ou a súa exparella masculina. O 6,7 % citan como agresor a un compañeiro de clase do sexo masculino e o 3,1 % din que a agresora foi unha compañeira de clase.

O 20,1 % das mulleres que sufriron stalking afirman que tivo unha duración inferior a dúas semanas, o 27,9 % din que durou entre 2 semanas e 3 meses, o 25,1 % entre 3 meses e un ano e, para un 24,7 %, a duración do acoso reiterado foi superior ao ano.

O 33,2 % das mulleres que sufriron stalking afirman que tiña lugar polo menos unha vez por semana, e o 26,0 % todos ou case todos os días. É dicir, **case o 60 % das mulleres que sufriron stalking sufrían cunha frecuencia semanal ou diaria.**

O 12,1 % das mulleres que sufriron stalking algunha vez na súa vida denunciárono na Policía, na Garda Civil ou no xulgado e o 4,5 % acudiron a un servizo médico ou de atención psicolóxica. A porcentaxe de denuncia na Policía, Garda Civil ou no xulgado, aínda sendo baixo, é superior ao de denuncia por acoso sexual ou por violencia sexual fóra da parella.

- O máis habitual é contarlle o stalking a alguén da contorna: o 43,7 % das mulleres que sufriron stalking falárono cun amigo ou amiga, o 32,7 % cun familiar e o 19,4 % coa súa parella ou exparella. O 22,8% afirma que non llo contou a ninguén.

## **G. VIOLENCIA NA PARELLA OU NA ANTERIOR PARELLA**

### **1- Prevalencias**

Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o **14,2 % (2 905 489)** mulleres) sufriu **violencia física e/ou sexual** dalgunha parella, actual ou pasada, nalgún momento da súa vida. O **1,8 % (374 175)** mulleres) sufriu violencia física e/ou sexual dalgunha parella, actual ou pasada, nos **últimos 12 meses**.

Na táboa a continuación móstranse as principais prevalencias de violencia na parella ao longo da vida e nos últimos 12 meses.

*Resumo de prevalencia de violencia dalgunha parella (actual ou pasada) ao longo da vida e nos 12 meses previos ás enquisas (%=porcentaxe)*

<b>Ao longo da vida</b>		<b>Últimos 12 meses</b>	
% sobre o total de mulleres residentes en España de 16 ou máis anos	Número estimado de mulleres que sofren violencia	% sobre o total de mulleres residentes en España de 16 ou máis anos	Número estimado de mulleres que sofren violencia



1. Física	11,0 %	2 234 567	1,0	194 478
2. Sexual	8,9 %	1 810 948	1,3	269 852
<b>3. Física e/ou sexual</b>	<b>14,2 %</b>	<b>2 905 489</b>	<b>1,8 %</b>	<b>374 175</b>
4. Emocional	23,2 %	4 744 106	5,4 %	1 101 661
5. Control	27,0 %	5 500 704	6,6 %	1 355 620
6. Económica	11,5 %	2 350 684	2,0 %	407 793
7. Medo	13,9 %	2 827 243	3,7 %	761 844
<b>8. Psicolóxica (emocional, control, económica, medo)</b>	<b>31,9 %</b>	<b>6 517 062</b>	<b>10,6 %</b>	<b>2 164 006</b>
<b>9. Violencia total (3+8)</b>	<b>32,4 %</b>	<b>6 605 825</b>	<b>10,8 %</b>	<b>2 197 691</b>

O 96,9 % das mulleres que sufriron violencia física e/ou violencia sexual de mans dalgunha parella, actual ou pasada, manifestaron ter sufrido tamén algún tipo de violencia psicolóxica (emocional, control, económica ou medo).

## 2- Frecuencia da violencia

O 25,0 % das mulleres que sufriron **violencia física da súa parella actual** afirman que esta violencia tivo lugar só unha vez fronte **ao 75 % que din que sucedeu en máis dunha ocasión**.

- No caso das mulleres que sufriron violencia de parellas **pasadas**, o 17,3 % afirman que só sucedeu nunha ocasión mentres que o **82,5 %** afirman que **ocorreu máis dunha vez**.

O 10,0 % das mulleres que sufriron **violencia sexual** por parte da **súa parella actual** afirman que esta violencia tivo lugar só unha vez, fronte **ao 86,2 %** que din que sucedeu **en máis dunha ocasión**.

- No caso das mulleres que sufriron violencia sexual de parellas **pasadas**, o 11,1 % afirman que só sucedeu nunha ocasión mentres que o **88,8 %** afirman que **ocorreu máis dunha vez**.

O 14,9 % das mulleres que sufriron **violencia psicolóxica emocional** da **súa parella actual** afirman que esta violencia tivo lugar só unha vez fronte **ao 84,3 %** que manifestan que sucedeu en máis **dunha ocasión**.

- No caso das mulleres que sufriron violencia de parellas **pasadas**, o 8,2 % afirman que só sucedeu nunha ocasión mentres que o **91,3 %** din que **ocorreu máis dunha vez**.

## 3- Denuncia

O **21,7 %** das mulleres que sufriron **violencia física, sexual, emocional ou que sentiron medo (\*VFSEM)<sup>3</sup> dalgunha parella, actual ou pasada, denunciou<sup>4</sup>** (a propia muller ou outra persoa ou institución) algunha destas agresións na policía ou no xulgado. Extrapolando a porcentaxe á poboación, obtense que **1 109 509** mulleres de 16 ou máis anos denunciaron a violencia da parella.

- Se se ten en conta exclusivamente ás que sufriron **violencia física e/ou violencia sexual, a porcentaxe de denuncia é algo maior, alcanzando o 32,1 %**.
- **As porcentaxes difiren moito se se diferencia entre a denuncia da violencia na parella actual e en parellas pasadas:** denunciou o 5,4 % das mulleres que sufriron VFSEM da parella actual e o 25,0 % das mulleres que sufriron VFSEM dalgunha parella pasada (12,5 % e 34,3 % respectivamente, para as que sufriron violencia física ou sexual).

<sup>3</sup> A este grupo de mulleres derivábaselle ao bloque de denuncia e consecuencias, o que non se facía ás que sufriron violencia de control ou económica. Supoñen o 25 % das mulleres de 16 ou máis anos (5 108 454 mulleres)

<sup>4</sup> Aínda que poida parecer que esta porcentaxe é bastante inferior ao da macroenquisa de 2015 (28,6 %), é importante sinalar que as porcentaxes non son comparables porque na macroenquisa de 2015 non se derivaba a este módulo a quen sufriran violencia emocional. Se se calcula a porcentaxe de denuncia das mulleres que sufriron violencia física, sexual ou medo dalgunha parella, este alcanzaría o 28,7 %, idéntico ao de 2015. Polo tanto, non hai cambios na taxa de denuncia entre a edición de 2015 e a de 2019.



Ás mulleres que non denunciaron elas mesmas, nin na Policía nin na Garda Civil nin no Xulgado a VFSEM sufrida das súas parellas ou exparellas, pregúntaselles os **motivos polos cales non denunciaron**. No caso das mulleres que sufriron **violencia da parella actual**, o motivo máis citado para non denunciar é resolvelo soa (49,1 %) ou non darlle importancia á violencia sufrida (46,4 %). No caso das mulleres que sufriron **violencia de parellas pasadas**, o motivo máis citado para non denunciar é resolvelo soa (53,4 %) e terminar a relación (31,8 %). O carecer de recursos económicos propios é citado polo 2,6 % das mulleres no caso da violencia da parella actual e polo 3,1 % no de parellas pasadas.

- Se se analiza a resposta a esta pregunta que se lles fixo ás mulleres que sufriron **violencia física ou sexual** das súas parellas e que non denunciaron, elas mesmas, nin na Policía ou Garda Civil nin no Xulgado, os motivos esgrimidos para non denunciar non varían moito con respecto aos citados polas que sufriron VFSEM. Para o caso de violencia **na parella actual** o 47,2 % mencionaron resolvelo elas soas, e o 37,3 % considera que o sucedido tivo moi pouca importancia. As porcentaxes das mulleres que non denunciaron por medo ao agresor (10,6 %) ou por vergoña (11,4 %) son algo máis elevados. O 5,4 % non denunciaron por carecer de recursos económicos. No caso das mulleres que sufriron **violencia física ou sexual de parellas pasadas**, o motivo máis citado para non denunciar é o resolvelo soa (48,5 %) e o terminar a relación (32,1 %). Son algo maiores que no caso das que sufriron VFSEM de parellas pasadas as porcentaxes das mulleres que din non denunciar por medo ao agresor (15,6 %) ou por vergoña (16,6 %). O 4,2 % non denunciou por carecer de recursos económicos.

Ás mulleres con denuncia (interposta por elas mesmas ou por outra persoa ou institución), pregúntaselles pola **reacción da parella ante a denuncia**. No caso das mulleres que denunciaron a violencia de parellas pasadas, o 27,3 % din que como consecuencia da denuncia terminou a relación, o 21,9 % mencionan que a parella continuou comportándose da mesma maneira, e o 20,6 % que o seu comportamento empeorou.

Ás mulleres que denunciaron a violencia (elas mesmas ou outra persoa ou institución), pregúntaselles se retiraron<sup>5</sup> a denuncia. O 21,3 % das mulleres que denunciaron a violencia de parellas pasadas retiraron a denuncia. Entre estas mulleres, o motivo máis citado para retirar a denuncia é o medo (24,7 %) seguido de “é/era o pai dos meus fillos/as” (21,9 %), “prometeulle que non ía suceder máis” (19,0 %), “sentía pena da súa parella” (19,0 %) e “separáronse” (18,1 %).

#### 4- Procura de axuda formal.

**O 66,9 %<sup>6</sup>** das mulleres que sufriron VFSEM dalgunha parella **non buscaron axuda formal tras o acontecido**.

**O 27,0 %<sup>7</sup>** das mulleres que sufriron VFSEM dalgunha parella, actual ou pasada, puxéronse en contacto con algún **servizo sanitario** (médico/a, centro de saúde, psicolóxico/psiquiatría, farmacia) debido á VFSEM que sufriron dalgunha parella, actual ou pasada, nalgún momento das súas vidas. Supoñen **1.380.606 mulleres**.

- O 7,2 % (367.779) acudiron aos **servizos sociais**.
- O 28,9 % (1 477 723 mulleres) buscaron axuda nos servizos **sanitarios ou sociais** debido á VFSEM que sufriron dalgunha parella, actual ou pasada, nalgún momento das súas vidas

<sup>5</sup> Aínda que esta terminoloxía non é correcta dende o punto de vista xurídico optouse por esta redacción coloquial para que a pregunta fose comprendida polas mulleres entrevistadas.

<sup>6</sup> Dato non directamente comparable coa Macroenquisa de 2015. Véxase o epígrafe 11.1 do estudo para unha maior explicación.

<sup>7</sup> Datos non directamente comparables coa Macroenquisa de 2015. Véxase o epígrafe 11.1 do estudo para unha maior explicación.

- **O 38,9 % (1 989 731 mulleres) denunciaron ou buscaron axuda formal** (servizos socio-sanitarios, servizos legais, ONG/asociacións de mulleres, casas de acollida, Igrexas/organizacións relixiosa, teléfono 016) debido á VFSEM que sufriron dalgunha parella. Tendo en conta que se estimou que 5 108 454 mulleres de 16 ou máis anos sufriron VFSEM dalgunha parella, habería **3 118 723 mulleres que non denunciaron nin acudiron a servizos de axuda formal.**

#### 5- Procura de axuda informal

O 50,7 % das mulleres que sufriron VFSEM dalgunha parella contáronlle o sucedido a unha amiga, o 36,2 % á súa nai, e o 25,4 % á súa irmá. O **22,1 % non lle contou o sucedido a ningunha persoa da súa contorna.**

As mulleres que, sufrindo VFSEM de algunha parella, contaron o sucedido a algunha persoa da súa contorna preguntábaselles pola reacción desta persoa. De forma xeral, **a reacción máis habitual é a de aconsellar deixar a relación**, aínda que as diferenzas entre as que sufriron violencia da parella actual e de parellas pasadas son moi importantes: por exemplo, mentres que entre as que sufriron violencia da parella actual as porcentaxes de familiares que aconsellan deixar a relación oscilan entre o 24,4 % (outro membro masculino da parella) e o 57,1 % (pai), no caso das que sufriron a violencia de parellas pasadas as porcentaxes de apoio familiar oscilan entre o 75,3 % (nai) e o 87,5 % (outro membro masculino da parella).

- **No caso da violencia exercida pola parella actual é relativamente frecuente que aconsellasen á muller dar outra oportunidade á parella, con porcentaxes que oscilan entre o 20 % e o 30 %.** Con todo, as mulleres que sufriron violencia de parellas pasadas fixeron caso ao consello relativo a dar outra oportunidade á parella en porcentaxes moi inferiores (8,4 % como máximo, no caso das nais).
- Por outra banda, é case inexistente a porcentaxe de mulleres que foron recriminadas pola súa actitude.
- As porcentaxes de mulleres que refiren que a persoa da contorna reaccionou con indiferenza son algo maiores, aínda que seguen sendo reducidas, sobre todo no caso da violencia exercida por parellas pasadas.
- Se se analiza o que sucede para as mulleres que sufriron violencia física ou sexual e que lle contaron a alguén da contorna o sucedido, no caso da parella actual aumenta de forma considerable a porcentaxe das persoas que lles aconsellan deixar a relación e diminúe o das persoas que lle aconsellan dar outra oportunidade ao agresor.

No caso das mulleres que sufriron VFSEM da **parella actual** a porcentaxe das persoas que, aconsellando deixar a relación, **ofreceron apoio emocional ou material** é moi elevado, superior ao 90 % na totalidade dos casos. Con todo, a porcentaxe de persoas que **aconsellan denunciar** é bastante inferior (26,3 % das nais, 35,7 % das irmás, 27,9 % das amigas).

- No caso das mulleres que sufriron VFSEM de parellas **pasadas**, a porcentaxe das persoas que aconsellando deixar a relación ofreceron **apoiu emocional ou material** é moi elevado, superior ao 94 % na totalidade dos casos. Con todo, a porcentaxe das persoas que **aconsellan denunciar** é inferior (con porcentaxes que oscilan entre 38,7 % no caso das nais e o 68,8 % das veciñas ou compañeiras de traballo).

## 6- Saída da violencia

Ás mulleres que sufriron VFSEM dalgunha parella pasada preguntábaselles se **terminaron a relación como consecuencia dos episodios de violencia**. O **77,4 %**<sup>8</sup> responderon de forma afirmativa. Entre as mulleres que sufriron violencia física e/ou sexual a porcentaxe é lixeiramente superior (82,8 %).

**Denunciar a violencia, buscar axuda nalgún servizo formal** (médico/a, avogado/a, servizos sociais, etc.) **ou falar do acontecido con alguén da contorna** (nai, amiga, pai, etc.), **incrementan en todos os casos as posibilidades de acabar coa relación violenta**. Se se mira de xeito global, ás mulleres que buscaron axuda ao menos nalgunha das tres opcións e se compara coas que non o fixeron, obsérvase que mentres que **o 81,9 % das mulleres que denunciaron ou buscaron axuda formal ou informal debido á violencia de parellas pasadas, romperon a relación debido á violencia, a porcentaxe descende até o 49,6 % entre as que nin denunciaron nin buscaron axuda formal ou informal**. Aínda que en termos estritos non pode falarse de relación de causalidade<sup>9</sup> si que parece que **calquera tipo de actuación no sentido de contar o acontecido repercute positivamente na saída da violencia**. **É por iso que é tan importante difundir información sobre os recursos dispoñibles e de facer boas campañas de sensibilización**.

## 7- Consecuencias da violencia na parella

O **46,6 %** das mulleres que sufriron violencia física e/ou violencia sexual dalgunha parella, actual ou pasada, nalgún momento da súa vida (1 353 938 mulleres), sufriron **lesións** como consecuencia desta violencia, e o **3,8 %** (109.841 mulleres) sufrírona nos últimos 12 meses.

O **70,0 %** das mulleres que sufriron VFSEM dalgunha parella afirman que os episodios de violencia producíronlles algunha **consecuencia psicolóxica**.

- O **37,5 %** mencionan sufrir ansiedade e o **33,9 %** depresión. Entre as que sufriron violencia física ou sexual, o **47,3 %** sufriron ansiedade e o **45,4 %** depresión.

**Unha de cada catro** (24,4 %) mulleres que sufriron **VFSEM** dunha parella ou exparella e **unha de cada tres** (33,0 %) mulleres que sufriron **violencia física ou sexual** dalgunha parella ou exparella consumiron algunha sustancia (**medicamentos, alcol ou drogas**) para afrontar o acontecido.

O **17,5 %** das mulleres con incapacidade que sufriron VFSEM dalgunha parella ou exparella din que a súa incapacidade é consecuencia da violencia das súas parellas. Esta porcentaxe ascende ao **23,4 %** no caso das mulleres con incapacidade que sufriron violencia física ou sexual.

**A violencia de xénero ten consecuencias na saúde das mulleres afectadas que perduran no tempo e isto fai que asistan con maior frecuencia a diversos servizos de atención sanitaria**, aínda que os episodios de violencia na parella tivesen lugar no pasado. Así, por exemplo, o **41,9 %** das mulleres que sufriron violencia física ou sexual ao longo da súa vida de mans dalgunha parella e o **36,6 %** das que sufriron calquera tipo de violencia na parella ao longo da súa vida afirmaron utilizar algún servizo de urxencias por algún problema ou enfermidade nos 12 meses previos ás enquisas, fronte ao **25,8 %** das que nunca sufriron violencia na parella. Do mesmo xeito, o **20,9 %** das mulleres que sufriron violencia física ou sexual ao longo da súa vida de mans dalgunha parella e o **17,5 %** das que sufriron calquera tipo de violencia na parella ao longo da súa vida visitaron a un/unha psicólogo/a, psicoterapeuta ou psiquiatra nos 12 meses previos ás enquisas, fronte ao **7,1 %** das que nunca sufriron violencia na parella. O **37,6 %** das mulleres que sufriron violencia física ou sexual ao longo da súa vida de mans dalgunha parella e o **36,0 %** das que sufriron calquera tipo de violencia na parella ao longo da vida dixeron verse obrigadas, nos 12 meses previos ás enquisas, a quedar algún día na

<sup>8</sup> Esta porcentaxe non é directamente comparable coa da macroenquisa de 2015. Véxase o epígrafe 14.1 do estudo para unha explicación máis detallada.

<sup>9</sup> No sentido de que non é posible saber que sucede primeiro: a ruptura da relación ou a procura de axuda.

cama por motivos de saúde fronte ao 23,8% das que nunca sufriron violencia na parella.

Mentres que o **4,7 %<sup>10</sup>** das mulleres de 16 ou máis anos que nunca sufriron violencia na parella tiveron **pensamentos de suicidio** algunha vez na súa vida, a porcentaxe ascende ao **18,5 %** entre as mulleres que sufriron algún tipo de violencia da parella ao longo das súas vidas, e alcanza ao **25,5 %** no caso das **mulleres que sufriron violencia física ou sexual dalgunha parella** ao longo das súas vidas (é dicir, teñen **5 veces máis risco** de ter pensamentos de suicidio que as mulleres que nunca sufriron violencia da parella).

#### 8- Menores afectados pola violencia na parella

A violencia de xénero non afecta unicamente á muller, senón que tamén ten repercusións importantes sobre os seus fillos e fillas, ou sobre outros menores que vivan no fogar.

O **89,6 %** das mulleres que sufriron VFSEM de mans dalgunha parella, que tiñan fillos no momento no que se produciron os episodios de violencia e que responden que os seus fillos presenciaron ou escoitaron a violencia contra elas, di que os **fillos eran menores de idade cando sucederon os episodios de violencia**.

O **51,7 %** das mulleres que sufriron VFSEM de mans dalgunha parella, que tiñan fillos no momento no que se produciron os episodios de violencia, que responderon que os seus fillos presenciaron ou escoitaron a violencia contra elas, e que dixeron que os fillos eran menores de idade cando sucederon os episodios de violencia, afirmaron que os **fillos e fillas tamén sufriron a mesma violencia a mans da parella violenta**.

**1 678 959** menores viven en fogares nos que a muller está a sufrir na actualidade algún tipo de violencia. (**física, sexual, control, emocional, económica ou medo**) na parella.

- 265 860 menores viven en fogares nos que a muller que participou na enquisa está a sufrir na actualidade violencia física ou sexual na parella.

## H. MULLERES ESPECIALMENTE VULNERABLES Á VIOLENCIA

### 1- Mulleres con incapacidade acreditada igual ou superior ao 33 %

As mulleres con incapacidade acreditada sufriron **violencia sexual fóra da parella** ao longo das súas vidas en **maior proporción (10,3 %)** que as mulleres sen incapacidade acreditada (**6,2 %**).

A prevalencia da **violencia na parella** ao longo da vida entre as mulleres con incapacidade acreditada é **maior** que entre as mulleres sen incapacidade acreditada na totalidade dos casos. Así, por exemplo, o 20,7 % das mulleres con incapacidade acreditada sufriu violencia física ou sexual dalgunha parella fronte ao 13,8 % das mulleres sen incapacidade acreditada.

As mulleres con incapacidade acreditada **denuncian** a VFSEM da parella en **maior medida (30,8 %)** que as mulleres sen incapacidade (**20,9 %**). Este resultado mostra que, **aínda que en xeral as mulleres con incapacidade acreditada teñen maiores prevalencias de violencia na parella que as mulleres sen incapacidade, tamén denuncian en maior medida esta violencia**.

- O mesmo sucede coa procura de axuda formal: o **50,5 % das mulleres con incapacidade buscaron axuda formal** (médica, psicolóxica, acudiron a servizos sociais, etc.) como consecuencia da VFSEM dalgunha da

<sup>10</sup> Esta porcentaxe é de só o 2,9 % entre as mulleres que nunca sufriron ningún tipo de violencia de violencia que participaron na enquisa, porcentaxe que revela con aínda máis claridade o impacto da violencia na saúde das mulleres.

súa parellas, **fronte ao 31,1 %** das mulleres sen incapacidade acreditada que sufriron VFSEM.

## 2- Mulleres novas con idades entre 16 e 24 anos

As mulleres novas sufriron **violencia sexual fóra da parella** ao longo das súas vidas en maior **proporción (11,0 %)** que as mulleres de 25 ou máis anos (**6,0 %**).

As mulleres novas que sufriron violencia sexual fóra da parella **contáronlle o acontecido a persoas da contorna en maior medida** (84,8 %) que as mulleres de 25 ou máis anos (70,1 %). As diferenzas xorden principalmente porque as mulleres novas falan da violencia sexual sufrida con amigas (68,1 %) ou amigos (31,1 %) en maior medida que as mulleres de 25 ou máis anos (33,8 % e 12,1 %, respectivamente).

O 89,2 % das mulleres de 16 a 24 anos denunciaron, procuraron axuda formal ou falan da violencia sexual fóra da parella con persoas da contorna, fronte ao 72,6 % das mulleres de 25 ou máis anos.

A **prevalencia do acoso sexual** entre as mulleres de 16 a 24 anos é **moi superior** ao das mulleres de 25 ou máis anos: o **60,5 %** sufrírono nalgunha ocasión e o 34,7 % antes de cumprir os 15 anos de idade, fronte ao **38,0 %** e ao 16,6 % respectivamente das mulleres de 25 ou máis anos.

A **prevalencia do stalking** ou acoso reiterado entre as mulleres de 16 a 24 anos é **superior** ao das mulleres de 25 ou máis anos: o **26,2 %** sufrírono nalgunha ocasión e o 13,0 % antes de cumprir os 15 anos de idade, fronte ao **13,9 %** e ao 2,6 % respectivamente das mulleres de 25 ou máis anos.

## 3- Mulleres de 65 anos ou máis

As mulleres de 65 anos ou máis mostran prevalencias de violencia na parella inferiores ás das quen teñen entre 16 e 64 anos.

- A menor prevalencia da violencia entre as mulleres maiores explícase por unha menor incidencia da violencia de parellas pasadas. En cambio, se se observa o que sucede na parella actual, as mulleres maiores mostran prevalencias de violencia superiores que as mulleres que teñen menos de 65 anos.

As mulleres de 65 ou máis anos acudiron a servizos de axuda formal como consecuencia da VFSEM de parellas pasadas en menor medida (25,1 %) que as mulleres de 16 a 64 anos (37,3 %). As diferenzas débense principalmente a unha menor asistencia das mulleres de 65 ou máis anos a servizos de atención psicolóxica ou psiquiátrica.

As mulleres maiores cóntanlle a persoas da súa contorna a violencia sufrida en menor medida que o resto de mulleres: o 54,5 % das mulleres de 65 ou máis anos contáronlle a persoas da súa contorna a VFSEM dalgunha da súa parellas fronte ao 81,3 % das mulleres de 16 a 64 anos que sufriron VFSEM.

- Este resultado mostra que **as mulleres maiores ocultan a violencia vivida en bastante maior medida que o resto de mulleres**, con todas as implicacións que isto leva.

**As mulleres de 65 ou máis anos romperon a relación cunha parella pasada como consecuencia dos episodios de violencia en moito menor medida** (49,9 %) que as mulleres de 16 a 64 anos (81,4 %). Con todo, citan máis como motivo para o fin da relación violenta o falecemento da parella (65+: 13,3%, 16-64: 0,7 %).

As mulleres maiores sufriron violencia sexual fóra da parella ao longo das súas vidas en menor proporción (2,8 %) que as mulleres de 16 a 64 anos (7,7 %).

- As mulleres maiores que sufriron violencia sexual fóra da parella contáronlle o acontecido a persoas da contorna en menor medida (52,2 %) que as mulleres de 16 a 64 anos (75,2 %).

#### 4- Mulleres nadas no estranxeiro

A incidencia da violencia na parella é superior entre as mulleres nadas no estranxeiro que entre as nadas en España.

- Denunciaron a VFSEM da parella en maior medida (28,6 %) que as nadas en España (20,0 %).

As mulleres nadas no estranxeiro sufriron violencia sexual fóra da parella ao longo das súas vidas nunha proporción lixeiramente superior (9,8 %) que as mulleres nadas en España (6,0 %).

- **O 5,2 % das mulleres nadas no estranxeiro foron violadas por unha persoa distinta da súa parella ou exparella, fronte ao 1,8 % das mulleres nadas en España.**

As mulleres nadas no estranxeiro citan en maior medida que as nadas en España ter sufrido violencia sexual de familiares homes (37,5 % fronte ao 17,6 %) e en menor medida de homes descoñecidos (27,4 % fronte ao 42,0%).

O 28,9 % das mulleres que naceron noutro país e sufriron violencia sexual afirman que a violencia sexual tivo lugar exclusivamente en España, un 60,2 % din que sucedeu no estranxeiro e un 10,9 % que tivo lugar tanto en España como no estranxeiro. Pola contra, o 97 % das mulleres que naceron en España e sufriron violencia sexual afirman que esta tivo lugar exclusivamente en España.

#### 5- Mulleres que viven en municipios pequenos

En xeral, as diferenzas segundo o tamaño de municipio son pequenas.

Canto maior é o tamaño do municipio de residencia maior é a porcentaxe de mulleres que contaron a violencia sufrida das súas parellas ou exparellas a través da denuncia, a procura de axuda formal ou informal: o 66,9 % das que viven en municipios de até 2000 habitantes, o 78,5 % das que viven en municipios de entre 2001 e 10 000 habitantes e o 83,3 % das mulleres que viven en municipios de máis de 10 000 habitantes.

A prevalencia do acoso sexual entre as mulleres que viven en municipios pequenos é menor que a das que viven en municipios de maior tamaño: o 33,4 % das que viven en municipios de 2000 habitantes ou menos o sufriron acoso nalgunha ocasión, o 10,8 % nos últimos 4 anos, o 7,2 % nos últimos 12 meses e o 16,2 % antes de cumprir os 15 anos de idade, fronte ao 36,4 %, 16,4 %, 9,1 % e 16,3 % respectivamente das mulleres que viven en municipios de entre 2001 e 10 000 habitantes, e ao 41,6 %, 19,0 %, 10,5 % e 19,1 % respectivamente das mulleres que viven en municipios de máis de 10 000 habitantes.

**Estudo completo dispoñible para a súa descarga en :**

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/macroencuesta2015/Macroencuesta2019/home.htm>